
A CASA GRANDE DE ROMARIGÃES

Texto de AQUILINO RIBEIRO

Tradución de MARÍA ALONSO SEISDEDOS

Ilustración de cuberta de SUSANA MONTEIRO

Encadernación rústica. 15,5 x 22,5 cm. 360 páx. 18 €.

ISBN 978-84-19213-04-4. Confluências. Faktoría K.


Cando se procedeu á restauración da Casa Grande que foi residencia dos Meneses e Montenegro, cumpriu demoler paredes dun cóbado e medio de ancho nas que desde había un século inzaba a ruína, ocasionando fendas polas que collían os birrios coas ás estendidas e desniveis con tal barriga que o derrubamento parecía inminente. Nun armario, non maior ca o nicho dun santo, embutido na macheta da fiestra, que a contra, polo xeral aberta, tapaba, encontrouse unha voluminosa rima de papeis vellos...

Escrita en 1957 por Aquilino Ribeiro, un dos autores máis destacados en lingua portuguesa do século xx, “A casa grande de Romarigães” é a crónica dunha saga familiar e, asemade, un fiel relato da historia moderna de Portugal.

Esta novela, cuxa trama se constrúe a partir do achado dun conxunto de manuscritos durante o proceso de restauración da casa señorial dos Meneses e Montenegro, narra a historia das sucesivas xeracións que habitaron a vivenda dende a súa construción a mediados do século XVII até o seu abandono no século XIX. Durante este turbulento período, marcado polos recorrentes conflitos bélicos, tivo lugar unha serie de acontecementos tan determinantes como a guerra da Independencia, a invasión francesa ou a guerra civil portuguesa.

A modo de reportaxe contemporánea, pero facendo gala dun estilo poético e refinado que mestura con exuberancia a linguaxe erudita e a popular, desfíla por estas páxinas unha dinastía de nobres que, ao longo de case trescentos anos, acumulan relacións prohibidas, fillos ilexítimos, amores, traizóns ou mortes estrañas.

Considerada como unha das principais obras da literatura portuguesa do século pasado e unha das novelas históricas máis notables da europea, “A casa grande de Romarigães” reproduce con fidelidade a confrontación entre a servidume da vida rural baixo a hexemonía do clero e a nobreza.



- **Temática:** crónica, saga familiar, natureza, historia, historia de Portugal, arquitectura, literatura portuguesa.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** da colección Confluências: [Sete casas em França](#) (Bernardo Atxaga), [O último día da Terranova](#) (Manuel Rivas), [As meninas-prodígio](#) (Sabina Urraca), [Medio hombre, mitad ballena](#) (José Gardeazabal), [Sobre las ruinas del mundo](#) (Patrícia Reis), [Permaxeo](#) (Eva Baltasar), [O](#) (Alejandro Pedregosa).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-casa-grande-de-romarigaes-g>

Aquilino Ribeiro

(Sernancelhe, 1885 – Lisboa, 1963)

Escritor, tradutor e diplomático portugués. Medrou nun ambiente rural na Beira Alta. A instancias da súa nai ingresou no seminario, estudos que abandonou por falta de vocación e por enfrontamentos coa autoridade eclesiástica. De fortes conviccións republicanas, foi moi crítico co goberno autoritario baixo a monarquía liberal. Foi detido e acusado de anarquista, aínda que logrou fuxir e establecerse en París, onde iniciou estudos na Facultade de Letras da Sorbona. Tras un segundo exilio acabou regresando definitivamente a Portugal en 1933. Influído polo modernismo, o presencismo e o neorrealismo, pero sempre baixo unha marca moi persoal, é considerado o cronista fundamental da traxectoria de Portugal dende o dominio das institucións estatais, relixiosas e nobiliarias até a república.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
